



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Energía, Cooperación e Sustentabilidade		Código	770523016
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Enxeñaría Industrial			
Coordinación	Rodríguez Gómez, Benigno Antonio	Correo electrónico	benigno.rodriguez@udc.es	
Profesorado	Rodríguez Gómez, Benigno Antonio	Correo electrónico	benigno.rodriguez@udc.es	
Web	moodle.udc.es/			
Descrición xeral	<p>Tradicionalmente usouse o consumo enerxético como unha variable (xunto con outras) que axudaba a avaliar o desenvolvemento dos países. Hoxe esta visión está a cambiar dende a óptica da sustentabilidade dende a que a satisfacción das necesidades actuais non pode comprometer os recursos das xeracións do futuro.</p> <p>Entre os obxectivos de desenvolvemento do milenio áchase en sétimo lugar: Garantir o acceso a unha enerxía alcanzable, segura, sustentable e moderna para todos. A cooperación ao desenvolvemento deseña, e leva a cabo accións en orde a alcanzar este e os demais obxectivos.</p> <p>Nesta materia explórase e afondase nestes eidos, non só dende unha visión altruísta senón tamén tendo en conta a proxección de oportunidade de negocio que supón para as empresas que desexen acceder a novos mercados facendo uso dunha licenza social.</p>			
Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non hai</p> <p>2. Metodoloxías Mantéñense a totalidade das metodoloxías salvo a Táboa redonda, que non se levará a cabo de non poder facerse a través dunha plataforma virtual. Aínda así podería manterse no caso de ser factible a súa realización en forma remota.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Por correo electrónico, Moodle ou TEAMS, de xeito ordinario unha vez á semana. E de xeito extraordinario por petición do alumnado en calquera momento dentro da xornada laboral non ocupada do profesor.</p> <p>4. Modificacións na avaliación Non hai cambios na avaliación, salvo que de non facerse Táboas redondas, a súa calificación reasignarase as outras metodoloxías.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non hai.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



O alumnado será capaz de valorar e manexar os Índices Enerxéticos e de Sustentabilidade	AP13	BM1 BM2 BM3 BM6 BM9 BM16 BM18	CM2 CM4
O alumnado será capaz de buscar solucións de sistemas de enerxía estables, accesibles e ambientalmente aceptables.	AP13	BM2 BM7 BM10	CM2 CM4 CM5
O alumnado será capaz de plantexar proxectos de cooperación ao desenvolvemento humano sustentable co enfoque do Marco Lóxico.		BM1 BM3 BM5 BM16 BM18	CM2 CM4 CM5

Contidos	
Temas	Subtemas
Sustentabilidade enerxética	Introdución Indicadores enerxéticos de desenvolvemento sostible Selección e uso dos indicadores enerxéticos
Cooperación ao desenvolvemento	Conceptos e definicións Actores do sistema internacional de cooperación para o desenvolvemento Desenvolvemento humano e estratexias de intervención
Participación en proxectos de cooperación ao Desenvolvemento	Os instrumentos da cooperación internacional para o desenvolvemento. A xestión do ciclo das accións de cooperación O enfoque do Marco Lóxico

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Mesa redonda	B3 B1 B2 B5 B7 C2 C4	2	4	6
Traballos tutelados	A13 B3 B1 B2 B6 B9 B10 B16 B18 C5	6	12	18
Aprendizaxe colaborativa	B3 B1 B5 B7 B9 B10 B18 C5	8	6	14
Análise de fontes documentais	A13 B3 B5 B9 C4 C5	0	5	5
Sesión maxistral	A13 B3 B6 C2 C4	9	18	27
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Mesa redonda	Plantearase unha ou máis sesións de debate na que estarán invitados axentes de cooperación con experiencia en proxectos ao desenvolvemento relacionados co campo da enerxía. O alumnado debe preparar cuestións para a mesa, e pode pedirselle que elabore un documento posterior en base ao debatido.



Traballos tutelados	Ao longo do curso o alumnado terá que desenvolver un ou máis traballos relativos a formulación de proxectos de cooperación basados no enfoque de marco lóxico, seguindo as pautas indicadas polo profesor. Poderán ter carácter individual ou colectivo.
Aprendizaxe colaborativa	Formaranse pequenos grupos para o desenvolvemento dalgúns temas, no que cada membro terá que desenvolver o papel de formador cara aos outros membros do grupo.
Análise de fontes documentais	O alumnado terá que analizar e extraer información tanto de fontes suxeridas polo profesor como de outras de proposta propia.
Sesión maxistral	O profesor fará unha introdución aos temas e irá propoñendo actividades a desenvolver na aula e fora de ela. Preténdese que estas sesións sexan o máis participativas posibles, dentro do razoable.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	Nesta metodoloxía o alumnado contará coa colaboración do profesor como asesor á hora de preparar a temática que lle corresponda dentro do seu grupo. A atención personalizada faise na propia aula, durante o desenvolvemento das sesións en diálogo entre o profesor e os membros dos distintos grupos, pero tamén lévase a cabo a través de correo e mensaxería de Moodle, ou TEAMS, para a resolución das dúbidas puntuais que poidan xurdir.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Mesa redonda	B3 B1 B2 B5 B7 C2 C4	Valoraranse os seguintes aspectos: Presenza, intervención e participación activa no debate. Elaboración de documentos posteriores no caso de que se solicítase a súa entrega	20
Traballos tutelados	A13 B3 B1 B2 B6 B9 B10 B16 B18 C5	Valorarase o proceso de elaboración e o resultado final acadado, tendo en conta o esforzo realizado, e o interese final do produto logrado	30
Aprendizaxe colaborativa	B3 B1 B5 B7 B9 B10 B18 C5	Valorarase a participación no grupo, e o resultado alcanzado que deberá demostrarse mediante exposición ou presentación dun documento de carácter individual ou conxunto.	25
Análise de fontes documentais	A13 B3 B5 B9 C4 C5	Esta actividade pode servir como base tanto aos traballos tutelados como á aprendizaxe colaborativa. Pero tamén pode ser independente das mesmas. Solicitarase a entrega dun traballo individual relativo as fontes analizadas	25

Observacións avaliación

Ademáis do indicado enriba, individualmente e tendo en conta a casuística persoal poderan acordarse outras vías de avaliación, cando por motivos razoables así o consideren as partes. Considerase ademáis a posibilidade de que na cualificación final da materia podan ser aplicadas estratexias de coevaluación e autoevaluación.

Fontes de información

Bibliografía básica	- Fernández Franco, Lorenzo y Román Marugán, Paloma (2013). Manual de cooperación al desarrollo. Madrid: Síntesis - OIEA (2014). Indicadores energéticos del desarrollo sostenible: directrices y metodoloxías. Viena: OIEA Indicadores energéticos del desarrollo sostenible: directrices y metodoloxías
Bibliografía complementaria	- Jonker Geral/ Jan Harmsen (2013). Ingeniería para la Sostenibilidad. Barcelona: Reverté

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías